

# Boletín INFORMATIVO CEIP SANTA MARIÑA

Rúa Xalón s/n Cabral – Vigo  
Nº 1 16 de decembro se 2021



## BOCATAS SAUDABLES

Esta semana tamén contamos de novo coa presenza de Carlos, chef do restaurante Othilio, que seguiu traballando co grupo de Mestres de obra a elaboración de bocatas saudables. Esta semana tocou atún. Moitas grazas Carlos.

## TRABALLAMOS O NADAL !

Durante esta derradeira semana, todos os grupos do cole, estivemos traballando aspetos relacionados co nadal. Fixemos diversas decoracións para as nosas aulas, tivemos a visita do Apalpador, quen nos contou historias do nadal galego, etc

Tamén seguimos co concurso fotográfico de nadal, amosando as nosas intantáneas máis bonitas nesta época do ano.

Decoramos o centro, colocando luces maravillosas na árbore da entrada, colocamos grilandas adornadas nas verxas, ata temos un buzón para recibir as cartas e o correo de Papá Noel e os Reis magos.



## Esta semana na escola

Esta semana, o grupo de terceiro de primaria realizou un obradoiro sobre o territorio e a súa evolución dos asentamento nómadas aos sedentarios.

Dentro do Proxecto Terra, contamos coa presenza dunha arquitecta e dunha formadora ambiental, que lle explicaron aos nenos como foi a evolución do territorio de civilizacións nómadas a civilizacións sedentarias e como foi desaparecendo masa arbolada e terreo de monte en

detrimento de edificacións e infraestructuras.


Crearon in situ unha maqueta evolutiva reflectido esta evolución, ubicado as edificacións, creando pontes, estradas, peiraos, e observar como cambiou o territorio inicial. Cada neno do grupo desempeñaba un rol, alcalde, concellerio de agricultura, comercio e arquitecto/a. Pasárono moi ben.





## MAQUETAS ARTÍSTICAS


Relacionado co traballo da xeografía, no contexto artístico os Mestres de obra están elaborando maquetas de cidades e de paisaxes. Empregando material de refugallo e moita imaxinación, están saíndo cousas verdadeiramente impresionantes.



## XEOGRAFÍA: OS PAÍSES

Os diferentes grupos do centro, dentro dos seus diversos proxectos de traballo, están traballando a xeografía e os países. Cada grupo está traballando un centro de interese xeográfico: a nosa cidade, a nosa comunidade autónoma, o nos país e continente así como o noso planeta.

Osa Mestres de Obra, estiveron elaborando climogramas e traballando coa escala dos mapas, elaboraron presentacións interactivas, deseñaron pósters de cada un dos países, estudaron científicos notorios, curiosidades da ciencia, historia, etc. Analizaron o plano e o mapa. Estudaron diversos tipos de planos: cidades, metro, bus, históricos.



## RADIO MARIÑA



Dentro do traballo da radio, os nenos esta semana estiveron elaborando unha preciosa obra de teatro radiofónica. Os nenos de Mestres de obra, concretamente de 6º de primaria, elaborou e representou de forma radiofónica esta obra de teatro.

Tamén están levando a cabo cuñas radiofónicas de concienciación ambiental, máis concretamente centradas nos hábitos de reciclaxe.

## ECOCABRAL

Paralelamente, grupos están levando a cabo un traballo baseado no proxecto de sustentabilidade. Os aprendices están elaborando muráis de hábitos de reciclaxe, e elaboración de adornos de nadal con materias de refugallo. Terceiro e cuarto elaboraron cuñas de radio sobre a concienciación dos hábitos de reciclaxe. Quinto está elaborand un rexistro de puntos de recollida de lixo da parroquia de Cabral, materializándoo nun My Maps. E sexto de primaria, esta elaborando no contexto matemático, enquisas de hábitos de reciclaxe para a súa posterior aplicación nas familias e elaboración de gráficas.

# ECOCABRAL

*Reciclar  
Reutiliza  
Reduce*















*Xa formamos parte da rede de centros Amigos de Francesco Tonucci.*

*É un precer e prestixio ser recoñecidos por esta institución como defensores dos dereitos dos nenos/as.*


### CONSELLO DE NENOS:

No consello de nenos deste mes decidimos o deseño do proxecto do estanque do patio e establecemos o próximo proxecto decidido polos nenos/as: a adecuación e mellora dos baños e aseos do centro que xa se atopan un pouco deteriorados e vellos.

## CLUBE DE CIENCIA

Neste mes tivemos dúas sesións do clube de ciencias, onde traballamos experimentos relacionados con novos materiais. Investigaron sobre materiais innovadores como a cinta Gecko, a área hidrofóbica as bolas hidrófobas.

Tamén investigaron e construíron maquetas de coches autopropulsados por aire e paraquedas.



## PONLLE AS PILAS AO TEU SUPERBOCATA

Por segundo mes consecutivo, levamos a cabo o primeiro mes a actividade de ponlle as pilas ao teu superbocata, sendo o ingrediente básico deste mes o xamón. Trouxeron unha gran variedade de bocatas centrados no xamón, con queixo, con tomate, con aceite de oliva, etc

